

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE ABRIL DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta de abril de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 19 de febreiro; 5, 12, 19 e 26 de marzo e 2, 9 e 16 de abril do 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a aprobación da licenza urbanística para construción de nave de uso comercial maiorista e minorista de alimentación e droguería así como almacén, na rúa Rafael Cadorniga Carro, 4-6 (1446-4-6) Polígono as Gándaras (expte: 2024/Y001/000072).

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a contratación - mediante tres lotes - da produción e dotación técnica para cubrir as necesidades de iluminación, sonorización, persoal, infraestrutura e equipamiento para a realización de diversos eventos culturais en vivo da programación anual organizada pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, exp. ref. 2025-C004-000014.

Acórdase a adxudicación na contratación da organización e desenvolvemento do evento cultural "Europa Somos todos/as" co gallo da celebración do día de Europa (9 de maio de 2025), exp ref. 2025-C003-000006.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da subministración de produtos químicos do mantemento da auga das piscinas municipais do Concello de Lugo, exp ref: 2025-C004-000011.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac3330871038992326152.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-4-2025

Do mesmo xeito, acórdase a adxudicación na contratación de patrocinio publicitario con motivo da celebración no Concello de Lugo do campionato mundial de motocross. exp rf: 2025-C005-000003.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

3. EDUCACIÓN.- Acórdase a aprobación das bases da convocatoria de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo no segundo ciclo de educación infantil para o curso escolar 2025-2026.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

4. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aprobación das bases xerais reguladoras da subvención por incentivos á contratación dos alumnos-traballadores do obradoiro dual de emprego Salus Lugo - código de proxecto: 242410202.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.